

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**PUBLICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DEFINITIVA DO CONCELLO DE PONTEDEUME CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES DEPORTIVAS 2021**

Por medio do presente, publícase o Decreto da Alcaldía nº 233/2022, do 08 de abril, cuxo texto se transcribe en extracto deseguido.

«...//.. **PRIMEIRO.** - Solventar as discrepancias manifestadas no informe de Intervención en atención aos motivos sinalados e **CONCEDER** as axudas ás seguintes entidades, polo importe de **43.999,96 €** que se indica.

ENTIDADE	AXUDA SOLICITADA	TOTAL PUNTOS	AXUDA POR PUNTUACIÓN	AXUDA PROPOSTA
CLUB NÁUTICO FIRRETE	24,500,00	143	17.238,35 €	17.238,35 €
BALONMAN PONTEDEUME	7.300,00	35	4.219,18 €	4.219,18 €
ACORDES PONTEDEUME	9.666,46	48	5.786,30 €	5.786,30 €
SOCIEDADE DEPORTIVA EUMESA	9.201,00	46	5.545,21 €	5.545,21 €
FÚTBOL SALA PONTEDEUME	7.324,23	46	5.545,21 €	5.545,21 €
CLUB NÁUTICO ENTREPONTES	1.270,14	10	1.205,48 €	1.205,48 €
ADC MONTE BREMO	3.766,13	26	3.134,24 €	3.134,24 €
NST RALLY	1.480,00	11	1.326,03 €	1.326,03 €

SEGUNDO. - As persoas beneficiarias desta axuda deberán cumprir coas obrigas establecidas polas bases reguladoras e demais normativa de aplicación, en especial coa base 4ª das bases.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO. - As persoas beneficiarias da subvención deberán presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto subvencionados, consonte establece a base 13ª, como data máxima, o 31 de abril de 2022.

CUARTO.- As subvencións concedidas notificaranse aos/as interesados/as de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ponte deume (na súa versión dixital e física) así como na BDNS

..//..»

Segundo dispón a base 10ª das bases reguladoras e consonte o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta publicación servirá para os efectos da notificación ás persoas interesadas, significándolles que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpoñer os seguintes recursos:

1.- Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Ponte deume, asinado dixitalmente o 11 de abril de 2022 pola Secretaria accidental, Eva Guerrero Rico.

